
CESGA Computational Science Summer School

- Actualizado (03.07.2009)

CESGA convoca a primeira CESGA Computational Science Summer School que se celebrará do 15 de xuño ao 30 de setembro de 2009. Esta primeira Summer School está dirixida a xoves licenciados, inxeñeiros e investigadores que desexen formarse en técnicas de computación e novas ferramentas de cálculo científico. Ademais, a Summer School pretende mostrar os usos actuais da ciencia computacional en diversas aplicacións como Matemáticas, Biomedicina, Nanotecnoloxía, etc.

Durante a Summer School impartiranse os seguintes cursos de formación en programación, optimización e depurado de aplicacións científicas, tanto secuenciais coma paralelas:

- Programación en Fortran (16/06-19/06, 09:00 a 14:00 horas)
- Programación en C (22/06-26/06, 10:00 a 14:00 horas)
- Matemática Computacional: Compilación, execución e optimización de programas (29/06-03/07, 10:00 a 14:00 horas)
- Introducción a algoritmos de resolución de aplicacións científicas (06/07-10/07, 10:00 a 14:00 horas)
- Introducción á programación en MPI (20/07-24/07, 10:00 a 14:00 horas)
- Programación paralela utilizando directivas OpenMP (27/07-31/07, 10:00 a 14:00 horas)
- Ferramentas de desenvolvemento de aplicacións paralelas: Debugging e análise do rendemento (07/09-11/09, 10:00 a 14:00 horas)

Adicionalmente aos cursos de formación, celebraranse catro seminarios de presentación da necesidade da ciencia computacional en diversas áreas científicas, impartidos por investigadores especialistas de prestixio internacional.

Toda a información sobre a Summer School pode atoparse neste enlace.

Inscrición:

Para levar a cabo a inscrición debe cumprimentar este formulario.

Estancias de investigación:

CESGA convoca catro estancias de investigación para xoves investigadores no CESGA durante a celebración da Summer School. O obxectivo destas estancias será o desenvolvemento ou mellora dunha aplicación científica utilizando as ferramentas e os coñecementos adquiridos na etapa de formación da Summer School.

Os solicitantes destas axudas poderán ser:

- Qualquer investigador participante no proxecto i-MATH ou cualquier membro dun grupo de investigación de i-MATH, sempre que apareza no listado que se atopa na páxina web http://www.i-math.org/gestion/investigadores/listado_general.php.

- Recén titulados que desexen realizar un proxecto de investigación ou colaborar nun xa existente dentro da Rede G-HPC.

Os beneficiarios das estancias seguirán os cursos de formación que se celebrarán na Summer School e realizarán actividades de investigación coa colaboración de personal técnico do CESGA.

Bases da convocatoria

Anexo: Formato de memoria do traballo de investigación:

- [Descarga arquivo Word](#)

- Descarga archivo OpenOffice

Envío de solicitudes:

- Formulario